



Práctica I

José Luis Mayobre Antón

Obxectivos da experimentación

Desde hai un par de anos veño empregando ocasionalmente materias elaborados coa ferramenta Descartes cos diferentes grupos de alumnos aos que lle din clase. O curso 07-08 dispuxen dunha hora á semana da aula de informática para cada un dos grupos que tiven. A motivación dos alumnos variou moito, os alumnos de maior idade (2º Bacharelato) responderon mellor ao emprego desta ferramenta informática, foime moito máis difícil conseguir que os alumnos de 3º ESO non se perderan ao principio ao intentar ir pola súa conta sen seguir as miñas indicacións. No grupo de 2º Bach a experiencia resultou moi positiva pero no grupo de 3º ESO tiven resultados moi dintintos. De todas formas penso que esta metodoloxía activa e máis motivadora que as meras explicacións na pizarra. Os obxectivos que pretendo alcanzar son os seguintes:

- § A motivación do alumnado para aprender os conceptos empregando unha metodoloxía máis atractiva.
- § A aprendizaxe dos procedementos
- § O uso das novas tecnoloxías. Os alumnos aprenderán que o ordenador tamén pode ensinar as matemáticas, coa atenta vixianza do seu profesor.
- § A actitude positiva fronte ás matemáticas
- § A atención personalizada dos alumnos e alumnas
- § O traballo en equipo
- § O fomento da lectura. O ordenador non fala e son os alumnos os que teñen que seguir, lendo na pantalla do ordenador, descubrindo o que teñen que facer.
- § A atención á diversidade. Cada alumnos poderá ir ao seu ritmo de aprendizaxe.
- § A autonomía do alumnado na aprendizaxe. Eles mesmos son os que van a resolver as cuestións plantexadas.
- § O rendemento académico. Estou confiado en que con esta metodoloxía activa os alumnos acadarán os obxectivos da materia.
- § Os obxectivos curriculares previstos na programación didáctica.
- § As adaptacións curriculares

Contidos matemáticos a tratar

Seguirei a programación que no Departamento de Matemáticas temos fixada para o curso de 2º ESO, sen cambiar a orde dos contidos a tratar:

ØNúmeros enteiros.

- § Suma e resta de números enteiros.
- § Multiplicación e división de números enteiros.
- § Potencias de números enteiros.
- § Operacións con potencias.
- § Raíz cadrada de números enteiros.
- § Xerarquía das operacións.
- § Divisibilidade entre números enteiros.

ØFraccións.

- § Fraccións.
- § Fraccións equivalentes.
- § Comparacións de fraccións.
- § Operacións con fraccións.



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

- § Operacións combinadas de fraccións.
- § Potencia e raíz cadrada dunha fracción.

ØNúmeros decimais.

- § Números decimais.
- § Operacións con números decimais.
- § Raíz cadrada. Aproximación decimal.
- § Aproximación e estimación.

Grupo de alumnos

O grupo escollido para realizar a experiencia e 2ºESO (Agrupamento). Será un grupo de menos de 10 alumnos con pouca motivación e posiblemente con baixo nivel de coñecementos. Ó ser un grupo pequeno favorecerá o traballo na aula de informática e a atención individualizada. A aula conta con 12 ordenadores e co ordenador do profesor conectado a un canon de vídeo polo que os alumnos poderán seguir sen ningún problema as indicacións do profesor. Os ordenadores están conectados a Internet.

Datas e temporalización

As datas para a experimentación irán desde o día 1 de outubro ó 30 de novembro. Das catro sesións semanais de matemáticas, adicaranse tres á experiencia, reservando a outra para impartir unha clase tradicional. Por tanto, haberá 24 sesións adicadas á experiencia.